



Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral



É un organismo autónomo, adscrito organicamente á consellería competente en materia de traballo, que se configura como un servizo técnico para a prevención de riscos laborais, e goza de personalidade xurídica de seu, autonomía funcional e plena capacidade para obrar.

As súas funcións

Ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) corresponde lle a xestión e a coordinación das políticas que, en temas de seguridade, hixiene e saúde laboral, establezan os poderes públicos da Comunidade autónoma. O seu obxectivo é mellorar as condicións de traballo para eliminar ou reducir os riscos inherentes á actividade laboral.

Ámbitos de actuación

A súa actuación alcanza a todas as empresas e á totalidade dos traballadores da Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as administracións públicas e o persoal ao seu servizo, así como as cooperativas de traballo asociado e as relacionadas cos seus socios e socias.

Tamén leva a cabo actividades de promoción de prevención de riscos laborais relacionadas coas traballadoras e os traballadores por conta propia e co conxunto da poboación, prestándolle unha especial atención ás actividades de prevención dirixidas a pequenas e medianas empresas.

Organigrama

O máximo órgano de dirección do ISSGA é a Comisión de Goberno, froito do diálogo social e de composición tripartita: Administración, organizacións sindicais e organizacións empresariais. A Presidencia corresponde á persoa que ocupe a dirección xeral competente en materia de relacóns laborais, as dúas vicepresidencias a un director xeral representante da consellería con competencias na área de saniade e outra a un director xeral, representante da consellería con competencias no ámbito da industria; tres vogais, en representación da Administración, un deles debe recaer naquel que exerce a dirección do Instituto; tres representantes das organizacións sindicais e tres das organizacións empresariais.

Os seus fins

Desenvólvense no marco da seguridade e saúde laboral, de aí que estean orientados a unha formulación global de benestar no traballo e á consecución dun contorno laboral de calidade. Poderían resumirse así:

- Levar a cabo accións de información, divulgación e formación, relacionadas coa prevención.
- Realizar o asesoramento e o control das accións técnico-preventivas, dirixidas á diminución de riscos laborais, de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais, para elevar a protección da seguridade e a saúde das traballadoras e dos traballadores.
- Prestar asesoramento e asistencia técnica ás traballadoras e traballadores, ás empresas, con especial atención ás PEMES (pequenas e medianas empresas), ás administracións públicas, aos sindicatos, ás asociacións empresariais e aos demais axentes económicos e sociais, para un mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- Realizar o seguimento, coordinar e promover a colaboración de accións en materia de prevención dos diferentes departamentos da Administración autonómica, así como aqueles organismos estatais e internacionais orientados ás mesmas finalidades.
- Fomentar a prevención de riscos laborais a través do seu tratamento como materia horizontal no ensino regrado e non regrado.

Algunhas das súas accións

O ISSGA contempla no seu plan de actuación unha serie de accións encamiñadas a fomentar a cultura preventiva na poboación escolar de Galicia, coa realización de campañas como "Moitollo" e a participación dos escolares na súa Escola de Prevención de Riscos Laborais. Outra destas campañas é a do "Movemento contra a lei de Murphy" dirixida especificamente a estudiantes de formación profesional, para conciencialos sobre a prevención de riscos laborais, como novos profesionais e que pretende chegar tamén aos equipos docentes, baixo o lema "Se algo pode saír ben, faremos que saia ben".

A información sobre estas actividades e calquera outra acerca de seguridade e saúde laboral pode consultarse na páxina web do Instituto: www.issga.es.

Lexislación

- Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do ISSGA.
- Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se dispón o inicio de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- Acordo sobre o Plan estratégico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2006-2010.

Localización e contacto

ISSGA - Servizos Centrais
 Edificio Administrativo
 Rúa San Lázaro, s/n
 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tlf.: 981 957 018 Fax: 881 999 353

Centro de Seguridade e Saúde Laboral da Coruña
 Avda. de Monserrat, s/n
 15006 A Coruña
 Tlf.: 981 182 329 Fax: 981 182 332

Centro de Seguridade e Saúde Laboral de Lugo
 Ronda de Fingoi, 170
 27071 Lugo
 Tlf.: 982 294 300 Fax: 982 294 336

Centro de Seguridade e Saúde Laboral de Ourense
 Camiño de Prado Lonia, s/n
 32872 Ourense
 Tlf.: 988 386 395 Fax: 988 386 222

Centro de Seguridade e Saúde Laboral de Pontevedra
 A Regasenda, s/n
 36812 Rande - Redondela - Pontevedra
 Tlf.: 886 218 100 Fax: 886 218 102